



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CINCOCENTAS VINTE E DÚAS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E SETE DE OUTUBRO DE DOUS MIL QUINCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de outubro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. Concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Silvia Díaz Iglesias, Xosé L. Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro, Jose Angel Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, Rocío Cochón Castro, Natividad Torres Balea, Cándido Muiños Balea, Manuel Domínguez Álvarez, Marcial García Freijeiro, M<sup>a</sup> Consuelo Besada Lores, Gregorio L. Agís Gómez e Rosa Fernández González; escusa a non asistencia o Concelleiro D. Juan José Rodríguez Grandal e a Interventora Municipal Olga Fernández Rodríguez. Actuando a Secretaria Xeral do Concello D<sup>a</sup>. Paula Díaz Ramos. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

Toma a palabra o Sr. Alcalde Luciano Sobral Fernández e explica aos asistentes que en virtude do acordado cos voceiros dos tres Grupos Municipais e atendendo a gran afluencia de asistentes á sesión ordinaria de conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais vaise proceder a alterar a orde do día tratándose primeiramente o asunto número 4155 sobre o Regulamento do Cemiterio Municipal de Poio.

4155.- PROXECTO DE REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE POIO.- Toma a palabra o Sr. Alcalde Luciano Sobral Fernández e explica aos asistentes o proxecto de Regulamento que se presenta para a súa aprobación provisional, de prestarse aprobación procedería a publicación no Boletín oficial da provincia e estableceríase o prazo dun mes para a súa consulta e interposición de reclamacións ao texto.

Como antecedente a este proxecto e cos datos que obran no arquivo municipal explica que o cemiterio municipal data do ano 1914 e hai un regulamento (móstrao aos asistentes).

Nos queremos regular as novas adxudicacións que se realicen nos terreos que se compraron para ampliar así como resolver unha serie de “defectos” que se produciron nestes anos, por iso marcamos os seguintes obxectivos: Garantía xurídica dos usuarios, as concesións a perpetuidade a 75 anos máis 24 de prórroga (99 anos), prohibición de venta (ata agora) con este regulamento permítese a transmisión a terceiros, reversión de parcelas e panteóns abandonados, parcelas do ano 80 que non se construíron (reversión ao concello).

O voceiro do Grupo Municipal Popular, o Sr. Moldes Martínez di que o equipo de goberno está a dar unha interpretación pero a xente parte da base de que son propietarios e o equipo de goberno parte de que teñen unha concesión.

Con este regulamento o que se lle fai é unha concesión de 75 anos e unha prórroga de 24

anos cun total de 99 e unha posible prórroga.

Partimos de datas distintas e situacións distintas por iso a proposta do Partido Popular e que se teñan en conta as dúas situacións de forma distinta, é dicir regular o cemiterio novo e deixar a parte vella como está.

O Sr. Alcalde contéstalle que pode ser unha posibilidade pero deixaríanse sen regular os problemas que existen xa que non se resolven con esa proposta.

O Sr. Martínez Blanco solicita do voceiro do Grupo Popular que se diga claramente en que apartado do regulamento se establece que se van quitar os panteóns ao veciños, porque ese é o ambiente que fixo crer o PP.

O Sr. Moldes Martínez di que existen ventas realizadas polos Mercedarios por iso os veciños considéranse propietarios das parcelas e vos queredes establecer unha concesión.

O Alcalde di que o solo é municipal onde a única posibilidade existente é a transmisións de pais a fillos.

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista e di que levan 8 anos gobernando en coalición co BNG e sempre houbo queixas en relación ás parcelas no cemiterio vello: por problemas de papeis non poden transmitirse e non se pode vender porque a normativa non o permite.

Nos cremos que esta normativa contempla a solución para todos.

Tras o intercambio de opinións entre os distintos membros corporativos así como entre os veciños presentes na sesión o Sr. Alcalde propón ao Pleno da Corporación a retirada do asunto da Orde do Día coa finalidade de remitir aos veciños para xeral coñecemento así como aportar ideas, coa posibilidade de convocar un Pleno extraordinario para tratar unicamente este asunto habilitando un espazo que dea cabido á veciñanza.

A Corporación por unanimidade de asistentes presta aprobación á proposta do Sr. Alcalde procedéndose á retirada da orde do día.

4152.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29 DE SETEMBRO DE 2015, NÚM. 521.- De conformidade co establecido no artigo 91.1.11 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta aos membros corporativos do contido da acta anterior do 29 de setembro de 2015, núm. 521 e non formulándose observación ningunha á mesma esta queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

4153- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "4137.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SAÍDA DE ENCE-ELNOSA DA RÍA DE PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; 4138.- NOMEAMENTO REPRESENTANTES POLÍTICOS, TÉCNICOS E NA ÁREA DE IGUALDADE DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade no Concello de Redondela; 4139.- DETERMINACIÓN DE FESTAS LOCAIS 2016.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo e Benestar.- Servizo de Relacións Laborais; 4140.- PROXECTO DE REGULAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 4141.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE REDUCCIÓN DO IVE CULTURAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Ministerio de Hacienda e Administracións Públicas; 4142.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE

APOIO AO SECTOR LÁCTEO GALEGO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería do Medio Rural e do Mar; 4143.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA CO MOTIVO DO REPUNTE DE ASASINATOS MACHISTAS OCORRIDOS NOS ÚLTIMOS MESES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Unidade contra a Violencia sobre a Muller da Subdelegación do Goberno en Pontevedra e ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; 4144.- MOCIÓN DO BNG PARA PROMOVER UNHA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE POIO SOBRE O USO DE HERBICIDAS E TAU-FLUVALINATO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ministerio de Fomento e Asociación pola Defensa da Ría e á Deputación Provincial de Pontevedra; 4145.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI, POR ILP, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Confederación Intersindical Galega, Presidencia e Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia; 4146.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO UNHA COBERTURA SANITARIA UNIVERSAL DO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE COMO DEREITO CONSTITUCIONAL EN IGUALDADE DE CONDICIÓNS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; 4147.- URBANISMO, EXP. 321/15, INFORME SECTORIAL SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL NUMERO 5 DO PXOM DO CONCELLO DE SANXENXO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Concello de Sanxenxo; 4148.- URBANISMO, EXP. 312/15.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E CARLOS, MARÍA ÁNGELES, MARI LUZ, ISABEL E LEONARDO MARTÍNEZ VILLANUEVA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON. APROBACIÓN DEFINITIVA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 4149.- URBANISMO, EXP. 313/15.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E FRANCISCO FRANCO SOLLA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON. APROBACIÓN DEFINITIVA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados; 4150.- URBANISMO, EXP. 314/15.- CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN E PLANEAMENTO ENTRE O CONCELLO DE POIO E RAUL TORRES SOTO E CÁNDIDA ABOAL ESPERÓN PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GONZALO FERNÁNDEZ DE LA MORA Y MON. APROBACIÓN DEFINITIVA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos interesados.”.

A corporación dáse por enterada.

4154.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía desde o último Pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na Orde do día; a Corporación dáse por enterada.

4156.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE CEMITERIO.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e ao non aprobarse o regulamento do Cemiterio Municipal polo Sr. Alcalde solicítase a súa retirada coa finalidade de tratalo noutra sesión plenaria.

A Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros presta aprobación á proposta realizada polo Sr. Alcalde procedéndose a súa retirada.

4157.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, ADOPCIÓN ACORDO SOBRE ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO.- Dáse conta do expediente iniciado mediante escrito de data 25 de setembro de 2015 remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e co motivo do vencemento do período polo

que se nomeou xuíz de paz substituto instan a este Concello a iniciar novo expediente para unha nova elección ou solicita do tribunal que proceda a súa elección.

Con data 19 de agosto de 2015 sométese á proposta do alcalde de data 30 de setembro de 2015 á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas e que di o que segue: “Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 30 de setembro de 2015 que textualmente di o seguinte: “ Visto o escrito remitido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Secretaría do Goberno de data 25 de setembro de 2015, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 29 de setembro de 2015, núm. 4820 sobre inicio de novo expediente para elixir Xuíz de Paz substituto no prazo de tres meses, ou no suposto de que este Concello acordara non iniciar expediente de elección se lle comunicará á sala de Goberno do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia para así adiantar o nomeamento, e dado que en ocasións anteriores o Pleno acordou que fora o Tribunal Superior de Xusticia o que procedera á elección de Xuíz de Paz substituto, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación que sexa o TSX de Galicia o que realice a elección de Xuíz de Paz substituto, de conformidade co establecido no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou prestar aprobación á proposta da alcaldía e que se remita este acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que proceda á elección de Xuíz de Paz Substituto”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Que sexa o TSX de Galicia o que realice a elección de Xuíz de Paz substituto, de conformidade co establecido no artigo 101.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para a realización dos trámites necesarios.

4158.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS BENS DE NATUREZA URBANA.- Dáse conta do expediente tramitado iniciado a proposta da alcaldía de data 13 de outubro de 2015 de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, informado pola Intervención Municipal con data 14 de outubro de 2015 e sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 19 de outubro de 2015 na que se emitiu o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente, do informe da interventora municipal de data 14 de outubro de 2015 e da proposta da Alcaldía de data 13 de outubro de 2015 que, textualmente, di o seguinte: “ ASUNTO: modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

En virtude do disposto no artigo 7º da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medias en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, polo que se modifica o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, en concreto, engadindo apartados 5º e 6º o artigo 108 quedando redactados da seguinte forma:

“(…)4. As ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de gozo limitativos do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes.”

Ademais, co fin de reducir con carácter xeral a carga tributaria do imposto, e actuando dentro dos límites do artigo 108 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, se entende posible reducir o tipo de gravame do imposto sen que esta redución afecte de forma significativa o total de ingresos recadados por esta Administración Local.

En virtude do exposto se PROPÓN:

Primeiro: modificar o artigo 4º da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana engadindo un apartado terceiro e un apartado cuarto nos

seguintes termos:

“4.3.- Gozarán dunha bonificación do 95% os incrementos de valor derivados das transmisións mortis causa da vivenda habitual a favor de descendentes, cónxuxes, ascendentes debendo manter o sucesor a adquisición durante os catro anos seguintes o devengo do imposto e sempre que se presentase a liquidación do imposto no prazo legalmente establecido e sempre que o ben inmueble fose a vivenda habitual do causante durante un ano polo menos antes do falecemento segundo Padrón municipal.

4.4.- Gozarán dunha bonificación do 50% os incrementos de valor derivados das transmisións mortis causa dos bens inmuebles que non sexan vivenda habitual a favor de descendentes, cónxuxes, ascendentes sempre que se presentase a liquidación do imposto no prazo legalmente establecido e sempre que a renda de cada herdeiro non supere a contía de 30.000€ de base imponible a efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas no último exercicio declarado.

Para a aplicación das bonificacións previstas nos apartados 4.3 e 4.4 os herdeiros deberán solicitar as bonificacións correspondentes acreditando as circunstancias previstas nos mencionados apartados.

Segundo: modificar o artigo 7º da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana de forma que quede redactado nos seguintes terminos:

“A cota do imposto será o resultado de aplicar a base imponible o tipo de gravame único do 20%”.

Terceiro: o acordo adoptado polo Pleno, de ser favorable a aprobación, exporase no taboleiro de anuncios da Entidade e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, durante trinta días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. A ordenanza fiscal entrará en vigor, unha vez levado a cabo o trámite de exposición pública e aprobada definitivamente, o un de xaneiro de 2016.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción indicando que se trata por unha parte de minorar o tipo impositivo vixente do 23% ao 20% e por outra parte incluír unha bonificación do 95% para o feito imponible en transmisións mortis causa, da vivenda habitual do falecido, a favor de descendentes, cónxuxes e ascendentes e tamén incluír unha bonificación do 50% para o resto de bens de inmuebles a favor de descendentes, cónxuxes e ascendentes que teñan unha base imponible a efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas inferior a 30.000 euros no último exercicio declarado.

A interventora municipal indica que sería sempre que se cumplan unha serie de requisitos como prazos, vivenda habitual do falecido e durante un ano polo menos antes do falecemento e non ser obxecto de transmisión durante os catro anos seguintes ao devengo do imposto etc.

A Sra. Cochón Castro di que creemos que é positivo neste momento pero que anteriormente tamén o PP o defendía e vós os negabades a facelo dicindo que era demagogia.

O Sr. Barreiro Lubián di que a vosa proposta era do 15% e non dixemos demagóxica dixemos que era unha gamberrada. Creemos que o que traemos aquí agora é bastante proporcionado.

NESTE MOMENTO ENTRA NO SALÓN DE SEIÓNS O CONCELLEIRO D. ÁNGEL MOLDES MARTÍNEZ

A Sra. Cochón Castro di que para nós era importante daquela e de feito estaba no noso programa.

O Sr. Moldes Martínez pregunta se para facer esta modificación valorouse o tema dos terreos declarados urbanos sen servizos básicos de quitarlle o imposto ou reduciullo.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que soamente terreos urbanos que establece o catastro.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Antes de comezar o debate do presente asunto polo Voceiro do Grupo Municipal Popular preséntase unha emenda a moción presentada a que procede explicar e solicita a adopción dos seguintes acordos: “1. Modificar a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana nos seguintes termos:

a) Fixar un tipo único de gravame aplicable do 15%.

b) Rebaixar un grupo da porcentaxe anual aplicable aos períodos de xeración do incremento de valor.

χ) Aplicar unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio, realizadas a título por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes cando se trate da vivenda habitual do causante.

χι) Aplicar unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptados, cando se trate dos demais bens do causante.

χιι) Aplicar ambas bonificacións sobre a cota íntegra do imposto, nas transmisións de terreos, e na transmisión ou constitución de dereitos reais de goce limitativos de dominio realizadas a título lucrativo mediante pactos sucesorios e mellora e de apartación.”.

Toma a palabra o Concelleiro D. Xulio Barreiro manifesta que o equipo de goberno propón un rebaixa do tipo impositivo en tres puntos é dicir a un 20% non nos parece coherente baixalo a 15% porque o que goberna ten que ter recursos para prestar servizos. O PP non goberna en Poio por iso pide que se rebaixen os impostos sen embargo noutras administracións a nivel estatal ou autonómico o que fai é incrementalos como pode ser o IVE ouas transmisións de vehículos.

O BNG e o PSOE ten a obriga de gobernar e prestar servizos, e nos propoñemos esta rebaixa neste momento porque consideramos que o momento porque se valorou a conxuntura económica deste momento e os terreos non se revalorizan, xa non se incrementan por iso se pretenden esta rebaixa.

A proposta no Partido Popular cremos que non ten encaixe presupostariamente, parécenos unha emenda precipitada.

O Sr. Moldes Martínez di que a proposta que defendedes é a que propuxemos nós no ano 2013, e agora pedimos igualdade dos veciños de Poio cos dos demais concellos.

A Sra. Besada Lores di que o PP solicita unha redución do tipo e propoñen un 15% pero porque non un 10% ou un 5%.

Prestamos servizos a demanda dos veciños e do propio PP pero hai que ter presuposto.

Demagogia do PP de rebaixa, no concello de Sanxenxo pagan o 26%.

O Sr. Agís Gómez di que as rebaixas realízanse cando se deben e son propostas baseadas en estudos económicos.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal Popular a que queda rexeitada por 6 votos a favor do PP, 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE) e ningunha abstención.

A continuación procédese á votación a proposta da alcaldía de data 13 de outubro de 2015 de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, ditaminada favorablemente pola comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Constas de data 19 de outubro de 2015, a que queda aprobada por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4º e 7º da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana nos termos indicados na proposta da alcaldía que consta no expediente.

**Segundo:** Someter o expediente á información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante

anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario de maior difusión na provincia según o establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, para que os que se consideren interesados poidan presentar as alegacións e reclamacións que estimen por convinte.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4159.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE GRUA.- Dáse conta do expediente tramitado mediante proposta da alcaldía de data 6 de outubro de 2015 informado pola Intervención Municipal con data 08 de outubro de 2015 e sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 19 de outubro de 2015 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente, do informe da interventora municipal de data 8 de outubro de 2015 e da proposta da Alcaldía de data 6 de outubro de 2015 que, textualmente, di o seguinte: “ASUNTO: modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por a prestación do servizo de grúa.

Propónse a modificación do artigo 6º dada Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por a prestación do servizo de grúa o cal regula a cota tributaria da taxa nos seguintes termos:

Esta modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia o un de xaneiro de 2016.

O que se propón a consideración da Comisión Informativa de Economía e Facenda e posterior aprobación a o Pleno da Corporación.”

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente indicando que a última modificación produciuse no ano 2011 e ademais a Policía Local nos reclamou que os importes non levanran céntimos que se fixera un redondeo.

Son pequenas subidas en xeral aínda que a máis grande é pola custodia dos vehículos xa que estaba baixísimo.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

O Sr. Barreiro Lubián explica que se trata da actualización da taxa de grúa, incrementase nuns casos e noutros regularízanse as cantidades.

O Sr. Moldes Martínez di que o seu grupo mantén a abstención.

Unha vez rematado a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de grúa nos termos indicados na proposta da alcaldía que consta no expediente.

**Segundo:** Someter o expediente á información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario de maior difusión na provincia según o establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, para que os que se consideren interesados poidan presentar as alegacións e reclamacións que estimen por convinte.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4160.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 5/2015.- Dáse conta do expediente tramitado iniciado a providencia do Alcalde de data 13 de outubro de 2015 sobre a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia de dúas facturas

correspondentes ao exercicio 2014, informado pola Intervención Municipal con data 13 de outubro de 2015.

Unha vez realizada proposta da alcaldía con data 13 de outubro de 2015 someteuse o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de outubro de 2015 emitíndose o seguinte ditame: “Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 13 de outubro de 2015 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 5 do exercicio 2015 de dúas facturas correspondentes ao anterior exercicio 2014 as cales non foron presentadas no Concello ata os meses de agosto e outubro de 2015, aínda que pertencen a servizos prestados no exercicio 2014, ascendendo o importe das facturas pendentes de recoñecemento correspondente ao mencionado exercicio 2014 a 626,78 euros.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº5/2015 por importe total de 626,78€ que se compón da factura nº182/2014 de La Croquete S.C. emitida por importe de 605€ en concepto de “Actuación en Combarro Festa do Mar 2014”, e factura nº 32200177/2014 de Industrial de elevación S.A. emitida por importe de 21,78€ en concepto de reparación fluorescente ascensor.

**Segundo:** aplicar con cargo ao orzamento o exercicio 2015 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación somete a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº5/2015 por importe total de 626,78€ que se compón da factura nº182/2014 de La Croquete S.C. emitida por importe de 605€ en concepto de “Actuación en Combarro Festa do Mar 2014”, e factura nº 32200177/2014 de Industrial de elevación S.A. emitida por importe de 21,78€ en concepto de reparación fluorescente ascensor.

**Segundo:** Aplicar con cargo ao orzamento o exercicio 2015 os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4161.- INTERVENCIÓN, INFORME TERCEIRO TRIMESTRE 2015 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA PREVISIÓN ESTABLECIDA NO ARTIGO 10 DA LEI 25/2013, DE IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO E NO ARTIGO 4 LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 20 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE EN OPERACIÓNS COMERCIAIS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de outubro de 2015 e que di textualmente: “Dáse conta do informe de Intervención e Tesourería de data 6 de outubro de 2015 da previsión establecida no artigo 10 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público e no artigo 4 Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loitade medidas de loita contra a morosidade en operacións comerciais.

Por parte da interventora municipal dáse conta do contido do expediente manifestando: 1º) Con relación a existencia de facturas para as cales transcorreran mais de tres meses dende a súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo da data de finalización do 3º trimestre do exercicio 2015 (30 de setembro), é dicir, que fosen rexistradas antes do 1 de xullo de 2015 sen que se procedese a levar a cabo o expediente de recoñecemento de obrigas, infórmase que constan rexistradas 31 facturas con data de rexistro contable anterior ao 1 de xullo de 2015, que ascenden a un importe total



de 106.664,45 € e 2º) que as facturas que se atopan a 30 de setembro de 2015 pendentes de abono fora do período legal de pago ascenden a 135 facturas e a un total de 361.171,75€; por outra parte, as facturas pendentes de pago dentro do prazo de pago ascendían a 374 facturas e a unha cantidade total de 343,864,12 €.

Así, o período medio pendente de pago das facturas aprobadas (PMPP) ascendeu no terceiro trimestre do exercicio 2015 segundo o cálculo efectuado polo programa contable existente, salvo erro ou omisión involuntaria, a 57,96 días.

Ademais os pagos realizados no terceiro trimestre do exercicio 2015 dentro do período legal de pago ascendían, a 30 de setembro de 2015, a un total de 832 facturas e a unha cantidade total de 892,035,60 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de setembro, a un total de 137 facturas e a unha cantidade total de 195.492,30 euros.

Así, o período medio de pago (PMP) ascendeu no terceiro trimestre de 2015, segundo o cálculo efectuado polo programa contable existentes, salvo erro ou omisión involuntario, a 26,26.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4162.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS PARA O EXERCICIO 2016 AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de outubro de 2015 e que di textualmente: “Dáse conta do expediente, do informe da Intervención Municipal de data 7 de agosto de 2015, do Decreto da Alcaldía de data 19 de agosto de 2015 sobre remisión de información sobre as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte, solicitada a todos os Concellos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en virtude do disposto no artigo 27.2º da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, a cal debe ser rendida a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais con data límite 14 de setembro e que se eleva o expediente ao Pleno para dar conta da información remitida.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación dáse por enterada do trámite realizado.

4163.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA 3ª MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIONES NOMINATIVAS.- Dáse consta do expediente tramitado pola Intervención Municipal e iniciado a propostas das Concellerías de Deportes e de Festexos sendo informado dito expediente pola Intervención Municipal con data 06 de outubro de 2015 e da proposta da alcaldía de data 06 de outubro de 2015 e que foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas con data 19 de outubro de 2015 e que di o seguinte: “Dáse conta do expediente, informe da interventora municipal de data 6 de outubro de 2015 e da proposta da alcaldía de data 2 de outubro de 2015 que, textualmente, di o seguinte: “ Luciano Sobral Fernández, Alcalde do Concello de Poio, coñecido o contido da proposta da concelleira delegada de Festexos Lidia Salgueiro Piñeiro, de data 2 de outubro, relativa a cambio na finalidade da subvención nominativa consignada por importe de 900€ para a festa de Raxó e coñecido o contido da concelleira delegada de Deportes Margarita Caldas Moreira, relativa a modificación da finalidade da subvención concedida a Sara Esperón Bello.

Coñecido o contido do informe de Intervención de data 6 de outubro, PROPÓN:

Modificar novamente o anexo de subvencions nominativas aprobado, xunto co Orzamento do presente exercicio 2015, co fin de:

Primeiro: variar a finalidade da subvención nominativa prevista, por importe de 900€, para a

Comisión de Festas ou persoa física que organizase a festa patronal de Raxó, de xeito que finalidade da mesma pase a ser a organización da festividade en honor de Santiago Apóstolo en Raxó mantendo o importe da mesma en 900€ e sendo os beneficiarios a Cofradía de Pescadores San Gregorio de Raxó, previa xustificación segundo o exposto nas Bases de Execución do Orzamento e na Ordenanza reguladora de Subvencións do Concello.

Segundo: variar a finalidade da subvención nominativa prevista, por importe de 150€ a beneficiaria Sara Esperón Bello, sendo a nova finalidade “Fomento de actividade deportiva”.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.

Non suscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Modificar o anexo de subvencións nominativas aprobado, xunto co Orzamento do presente exercicio 2015, co fin de variar a finalidade da subvención nominativa prevista, por importe de 900€, para a Comisión de Festas ou persoa física que organizase a festa patronal de Raxó, de xeito que finalidade da mesma pase a ser a organización da festividade en honor de Santiago Apóstolo en Raxó mantendo o importe da mesma en 900€ e sendo os beneficiarios a Cofradía de Pescadores San Gregorio de Raxó, previa xustificación segundo o exposto nas Bases de Execución do Orzamento e na Ordenanza reguladora de Subvencións do Concello así como variar a finalidade da subvención nominativa prevista, por importe de 150€ a beneficiaria Sara Esperón Bello, sendo a nova finalidade “Fomento de actividade deportiva”.

**Segundo:** Someter o expediente a información pública polo prazo de quince días hábiles mediante anuncio que se publicará no boletín oficial da provincia, para os que se consideren interesados no expediente poidan presentar cantas alegacións estimen por convinte e de non presentarse alegación ningunha entenderase aprobado definitivamente.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4164.- PERSOAL, PROPOSTA SOBRE A CREACIÓN DA PRAZA-POSTO DE TESOURERÍA RESERVADO A FUNCIONARIOS/AS DE HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Persoal e do ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de outubro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, das actas da Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario e Laboral de datas 11 e 25 de setembro de 2015, informe da Intervención Municipal de data 14 de outubro de 2015 e da proposta da alcaldía de data 7 de outubro que, textualmente, di o seguinte: “Primeiro.- Iniciado o expediente mediante providencia do Sr. Alcalde de data 28 de agosto de 2015 de inicio de expediente de creación de praza-posto de Tesourería reservado a funcionarios de habilitación de carácter nacional para dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria sétima da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de administración local. Segundo.- Incorporado Memoria Xurídica e Técnica de creación de posto de tesourería-recadación coas seguintes características:

ESCALA DE FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.

SUBESCALA DE INTERVENCIÓN- TESOURERÍA

PRAZA: TESOURERÍA-RECADACIÓN

NUMERO DE POSTOS: 1

GRUPO A

SUBGRUPO A1

NIVEL 28

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 16.232,13 €.

Terceiro.- Realizada a preceptiva negociación sindical mediante reunións realizadas con data 11 e 25 de setembro de 2015 e segundo a documentación que obra no expediente.

PROPONSE, previo informe de Intervención e Xurídico, a aprobación inicial da Relación de postos de traballo coa inclusión da praza-posto de Tesourería-Recadación coas características descritas no apartado segundo desta proposta.”

O Sr. Martínez Blanco di que se trata dunha modificación da plantilla así como do cadro de persoal funcionario co fin de incluír unha praza de Tesoureiro a ocupar por un funcionario con habilitación de carácter nacional co fin de dar cumprimento o disposto na disposición final segunda da Lei 18/2015, de 9 de xullo, na que se extrae que, con data límite 31 de decembro de 2016 a Tesourería das Corporacións Locais cunha poboación inferior a 20.000 habitantes deberá ser ocupada por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

A secretaria solicita o uso da palabra e indica que estende as consideracións xurídicas realizadas a propósito da modificación do cadro de persoal nas que se mostra entre outros extremos, a súa disconformidade respecto do procedemento de determinación de retribucións complementarias para os novos postos creados.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Constas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación da plantilla así como o cadro de persoal funcionario do Concello de Poio coa inclusión da praza de Tesourería-Recadación nas condicións establecidas na proposta da alcaldía.

**Segundo:** Someter o expediente trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios de conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, do emprego de Galiza, dita aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos e anexo de persoal deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

**Terceiro:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4165.- PERSOAL, PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN ANEXO DE PERSOAL E DE ELABORACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O EJERCICIO 2015.- Dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Persoal e do ditame emitido pola Comisión de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de outubro de 2015 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, das actas da Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario e Laboral de datas 11 e 25 de setembro de 2015, informe de reparo da Intervención Municipal de data 1 de outubro de 2015, informe desfavorable da secretaria xeral de data 17 de outubro de 2015 e da proposta do concelleiro de persoal de data 28 de setembro de 2015 que, textualmente, di o seguinte: “ Co motivo das limitacións establecidas nas Leis de Presupostos do Estado aprobadas desde o ano 2011 que dispoñen que non se procederá no sector público á incorporación de novo persoal, salvo o que poida derivar da execución de procesos selectivos correspondentes á Ofertas de Emprego Público de exercicios anteriores e nas que se fixan unhas taxas de reposición do 10% incrementado para o ano 2015 nun 50% con respecto ás xubilacións producidas do exercicio inmediatamente anterior, provocou que esta administración non procedera a cubrir ningunha das prazas que foron quedando vacantes por non chegar á porcentaxe mínima establecida para a taxa de reposición en sectores prioritarios para o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

O artigo 72 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público en virtude

do disposto no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local establece que no marco das súas competencias de autoorganización, as administración públicas estruturan os seus recursos humanos de acordo coas normas que regulan a selección, a promoción profesional, a mobilidade e a distribución de funcións.

En atención ao disposto no artigo 72 do EBEP e coa finalidade de estruturar o actual cadro de persoal que permita un maior aproveitamento dos efectivos existentes dentro da plantilla así como desataascar a situación creada polas limitacións da lei elaboráronse por esta Concellería unha serie de medidas para a ordenación e xestión do emprego público.

Estas modificacións non supoñen un aumento do cadro de persoal e fanse necesarias para unha maior planificación así como tamén se propoñen como medidas correctoras do gasto público en materia de persoal que en ocasións se producen para a retribución de funcións de categorías superiores que son desempeñadas por persoal actual que teñen unha categoría inferior :

**CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO** publicado no Boletín Oficial de Pontevedra do 30 de decembro de 2014 en virtude do disposto no artigo 127 do Real decreto 781/1986, do 18 de abril,

Escala de Administración Especial. Técnico Medio

Praza de Arquitecto Técnico ou Aparellador Grupo A Subgrupo A2.- Proponse amortizar a praza e crear unha denominada Enxeñeiro Técnico no Subgrupo A2 co nivel 18 (nivel mínimo segundo o establecido no artigo 37 do Acordo Regulador do Persoal Funcionario) e igual complemento específico que a praza de Arquitecto Técnico obxecto de amortización.

Escala de Administración Especial. Subescala de Servizos Especiais. Encargados de Persoal de Oficios.

Praza de **Encargado Xeral**: Atendendo ás funcións do posto, distribución e supervisións dos traballos dos servizos municipais entre o persoal do concello e coñecementos en distintas materias proponse:

Cambio de Grupo de C2 pasando a C1.

Incremento de nivel de 18 actual a nivel 20.

A súa cobertura en propiedade mediante persoal de novo ingreso.

**Encargado de Almacén:**

Incremento de nivel 17 a nivel 18.

Ao existir persoal capacitado no actual cadro de persoal proponse proceder a súa cobertura mediante o sistema de promoción interna.

**Encargado Electricidade:**

Incremento de nivel 17 a nivel 18.

**Encargado de Vías e Obras:**

Incremento de nivel de 17 a nivel 18.

**Encargado de Mantemento de Colexios e Locais.:** Proponse a súa amortización e creación dunha praza na actual Relación de Postos de Traballo de Oficial 1ª Fontaneiro, ao non existir neste momento persoal capacitado para o seu desempeño e considerándose necesaria a súa existencia para o correcto funcionamento dos servizos básicos da entidade.

**CADRO DE PERSOAL LABORAL**

Praza de Oficial 1ª (xardinería).- Catalogar dita praza dentro do cadro de persoal laboral fixo e proceder a súa cobertura mediante o sistema de promoción interna.

Peón de Servizos varios (2).- Reconvertir ditas prazas actualmente vacantes ao cadro de Persoal Laboral Fixo mediante a denominación de Oficial 1ª Conductor o que conleva a súa amortización

no cadro de persoal laboral temporal.

Praza de Limpador/a.- Actualmente existen dúas prazas vacantes no persoal laboral fixo por xubilación das empregadas que as ocupaban (aplicación 920.4). Proponse amortizar unha praza de limpador/a actualmente vacante e proceder a creación dunha praza de Oficial 1ª Mantemento no cadro de persoal laboral fixo.

Tendo en conta o anterior en atención as necesidades máis urxentes detectadas elévase a informe da Intervención Municipal e Secretaría Xeral as seguintes propostas, a desenvolver nun marco temporal de 2015/2016:

1. Proceder á modificación do actual Anexo de Persoal aprobado polo Pleno con ocasión da aprobación dos orzamentos municipais do 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 30 de decembro de 2014 da seguinte maneira:

Amortizar a praza de Arquitecto Técnico ou Aparellador- Grupo A Subgrupo A2.

Crear a praza de Enxeñeiro Técnico- Grupo A Subgrupo A2 Nivel 18 Complemento Específico 6.761,44 €.

Clasificar a praza de Encargado Xeral dentro do Grupo C Subgrupo C1. Nivel 20

Incremento de Nivel das prazas de:

Encargado de electricidade.- Nivel 18

Encargado de vías e obras.- Nivel 18

Encargado de almacén.- Nivel 18.

Amortizar a praza de encargado de mantemento de colexios e locais.

Crear unha praza de Oficial 1ª Fontaneiro no cadro de persoal funcionario coas mesmas retribucións que postos similares existentes.

Clasificar a praza de Oficial 1ª Xardinería dentro do cadro de persoal laboral fixo coas retribucións similares a postos iguais xa existentes na relación de postos.

Crear 2 prazas de Oficial 1ª Conductor no cadro de Persoal Laboral fixo coas retribucións similares a postos iguais xa existentes na relación de postos.

Consecuentemente, amortizar as dúas prazas de peón de servizos varios existentes no cadro de persoal laboral temporal.

Amortizar unha praza de limpador/a vacante no cadro de persoal (aplicación 920.4).

Crear unha praza de Oficial 1ª Mantemento no cadro de persoal laboral fixo coas retribucións similares a postos iguais xa existentes na relación de postos de traballo.

2. Unha vez aprobadas ditas modificacións polo Pleno da Corporación e sometido a información pública polo prazo legalmente establecido proceder á elaboración da Oferta de Emprego Público para o exercicio 2015 da seguinte maneira:

3.

Funcionario de Carreira

Quenda Libre (dentro do límite do 50% da Tasa de reposición fixado na Lei de presupostos do 2015).

Escala de Administración Especial

Subescala de Servizos Especiais

Clase: Encargados de Persoal de Oficios

Denominación: Encargado Xeral

Número de vacantes: 1

Grupo C Subgrupo C1

Escala de Administración Especial.

Subescala Técnica

Técnicos Superiores

Denominación: Enxeñeiro Técnico

Número de vacantes: 1

Grupo A. Subgrupo A2.

Escala de Administración Especial  
Subescala de Servizos Especiais  
Clase: Oficiais de persoal de oficios  
Denominación: Oficial 1 Fontaneiro.  
Grupo C Subgrupo C2

Promoción Interna (excluídas do límite da taxa de reposición no que non aplicaca a prohibición de incorporación de novo persoal).

Escala de Administración Especial  
Subescala de Servizos Especiais  
Clase: Persoal de Oficios  
Denominación: Encargado Almacén  
Número de vacantes: 1  
Grupo C Subgrupo C2

#### PERSOAL LABORAL FIXO

##### Promoción Interna

Xardíns e Medio Ambiente  
Posto de traballo: Oficial 1ª Xardinería  
Nº de Vacantes: 1

Servizos Xerais  
Posto de traballo: Oficial 1ª Conductor.  
Número de Vacantes: 2

Servizos Xerais  
Posto de traballo: Oficial 1ª Mantemento  
Número de vacantes: 1

##### 3. Dar coñecemento aos representantes dos traballadores.”

O Sr. Martínez Blanco explica o contido do expediente indicando que son modificacións que non supoñen un aumento do cadro de persoal e como resultado dos acordos cos sindicatos.

A secretaria presente na sesión indica aos asistentes que ten informado desfavorablemente o expediente, e fai indicación especial da ausencia de documentación que xustifique entre outros extremos, a asignación de retribucións complementarias ás novas prazas creadas. Lembra para tal efecto que o complemento específico da praza de enxeñeiro técnico ten orixe na praza de arquitecto técnico que se amortiza pero que tiña sido reducido como consecuencia da declaración de compatibilidade que se solicitou polo funcionario de carreira que a ocupaba en propiedade.

O concelleiro de persoal indica que sempre poderá ser obxecto dunha modificación posterior.

A Comisión por 3 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP e PSOE (ata o seu estudo para o Pleno) acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación previo levantamento dos reparos emitidos nos apartados segundo e cuarto do informe da Intervención Municipal de data 1 de outubro de 2015.”.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Constas adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Levantar o reparo indicado no informe de intervención municipal de data 1 de outubro de 2015, apartados segundo e cuarto.

**Segundo:** Aprobar inicialmente a modificación da plantilla así como o cadro de persoal do Concello de Poio de conformidade coa proposta do Concelleiro Delegado de Persoal de data 28 de setembro de 2015 que consta no expediente.

**Terceiro:** Someter o expediente trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios de conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, do emprego de Galiza, dita aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos e anexo de persoal deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

**Cuarto:** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

4166.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A TRANSPARENCIA NO APROVISIONAMENTO MUNICIPAL E A IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL E INFORMACIÓN DE SUBMINISTROS NON INVENTARIABLES.- Dáse conta do texto da moción presentada e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de outubro de 2015 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal Popular, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 19 de outubro de 2015 que, textualmente, di o seguinte: “ 1. Acordar a adopción dun sistema de control e responsabilidade sobre o aprovisionamento de subministros non inventariables. O sistema estará baseado nos seguintes principios:

a. Atribución de pedido: Debe quedar constancia dos pedidos de materiais que se fagan, e debe identificarse claramente o responsable do pedido, que asinará unha copia do documento de pedido. O pedido deberá ter o nivel máximo de desglose.

b. Atribución de recepción: Debe quedar constancia dos albaráns de entrega de materiais, e debe identificarse claramente a persoa que os recepcionou e comprobou. Os albaráns deberán ter o nivel máximo de desglose.

c. Consignación de Destino ou Depósito: Debe especificarse o destino dos materiais recepcionados, sexa a depósito sexa para a súa aplicación inmediata total ou parcial. O responsable do recepción debe consignar onde queda depositado o material ou ben recepcionar o material e xustificar directamente a aplicación dos materiais conforme o seguinte parágrafo.

d. Xustificación da aplicación: Debe especificarse a obra ou actuación á que vai destinado o material que se retire do depósito ou se aplique directamente despois do subministro. Para a correcta xustificación da aplicación é preciso a sinatura de dúas persoas conforme os materiais foron recepcionados e acreditando que se aplicarán na obra ou actuación consignada.

e. Estes procesos faranse de xeito manual ou automatizado utilizando software de xestión de existencias preexistente ou creado ao efecto.

2. Esixir, de xeito inmediato, a provedores de subministros non inventariables, que rexistren detalladamente os materiais obxecto de cada albarán e factura, consignando cantidades e prezos de cada mercadoría subministrada ao Concello.

3. Acordar á adopción dun sistema de información que dea conta dos datos sobre subministros non inventariables que resulten da implantación do sistema descrito no parágrafo 1, segregados ou agregados, para a súa posta a disposición pública á maior brevidade.

4. Tomar medidas para a implantación dos principios de transparencia, bo goberno e acceso público á información en todas as actuacións do Concello de Poio, en particular no que se refire á información económica e financeira.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou que se pase a Pleno dita moción. ”.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Popular explicando que presentan a moción porque detectaron unha serie de deficiencias en facturas, con importes importantes de 12.000 ou 15.000 €, e pretenden que se corrixa estas deficiencias solicitando control sobre o que se encarga, identificación da sinatura da persoa que realiza o pedido así como o destino coa finalidade de ter un maior control e optimizar recursos.

A Sra. Besada Lores explica que normalmente as persoas que encargan o material asinan os albarán e neles aparece refletido o destino e as facturas van conformadas pola concellería responsable ao mellor coa factura electrónica resulta un pouco máis complicado identificar pero cos albaráns non hai problema.

O Sr. Alcalde mostra a súa preocupación polo tema, son cantidades importantes, e para que o tema que se espuso non xere desconfianza, gustaríame que se comprobaran facturas coa colaboración da Intervención e do Grupo Popular.

Por outra, pódese mellorar a situación coa implantación de sistemas como PDA, central de compras....

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación o texto da moción presentada para a transparencia no aprovisionamento municipal e a implantación dun sistema de control e información de subministros non inventariables a que queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Adoptar un sistema de control e responsabilidade sobre o aprovisionamento de subministros non inventariables. O sistema estará baseado nos seguintes principios:

a. Atribución de pedido: Debe quedar constancia dos pedidos de materiais que se fagan, e debe identificarse claramente o responsable do pedido, que asinará unha copia do documento de pedido. O pedido deberá ter o nivel máximo de desglose.

b. Atribución de recepción: Debe quedar constancia dos albaráns de entrega de materiais, e debe identificarse claramente a persoa que os recepcionou e comprobou. Os albaráns deberán ter o nivel máximo de desglose.

c. Consignación de Destino ou Depósito: Debe especificarse o destino dos materiais recepcionados, sexa a depósito sexa para a súa aplicación inmediata total ou parcial. O responsable do recepciónamento debe consignar onde queda depositado o material ou ben recepcionar o material e xustificar directamente a aplicación dos materiais conforme o seguinte parágrafo.

d. Xustificación da aplicación: Debe especificarse a obra ou actuación á que vai destinado o material que se retire do depósito ou se aplique directamente despois do subministro. Para a correcta xustificación da aplicación é preciso a sinatura de dúas persoas conforme os materiais foron recepcionados e acreditando que se aplicarán na obra ou actuación consignada.

e. Estes procesos faranse de xeito manual ou automatizado utilizando software de xestión de existencias preexistente ou creado ao efecto.

2. Esixir, de xeito inmediato, a provedores de subministros non inventariables, que rexistren detalladamente os materiais obxecto de cada albarán e factura, consignando cantidades e prezos de cada mercadoría subministrada ao Concello.

3. Acordar á adopción dun sistema de información que dea conta dos datos sobre subministros non inventariables que resulten da implantación do sistema descrito no parágrafo 1, segregados ou agregados, para a súa posta a disposición pública á maior brevidade.

4. Tomar medidas para a implantación dos principios de transparencia, bo goberno e acceso público á información en todas as actuacións do Concello de Poio, en particular no que se refire á información económica e financeira

4167.- MOCIÓN, DIA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, 25 DE NOVIEMBRE.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das



entidades locais sométese á votación a inclusión do presente asunto na orde do día ao non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha a que queda aprobada polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

A continuación procédese a dar lectura ao texto da moción asinada polos representantes dos tres grupos políticos sobre o Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller, 25 de novembro e que di textualmente: “A violencia machista é un dos problemas máis graves que ten que afrontar a nosa sociedade. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisible grazas ao constante e incansable traballo dos movementos de mulleres e a persoas, colectivos e administracións comprometidas coa erradicación da misoxinia e as súas manifestacións. Este 7 de novembro, confluírán en Madrid miles de persoas de todo o Estado, convocadas polo Movemento Feminista, para manifestarse contra as violencias machistas e esixir un Pacto de Estado pola erradicación da violencia patriarcal.

A loita contra a violencia de xénero debe ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo para que isto así sexa están vixentes a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por iso, cómpre avanzar e darmos pasos adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a urxente mellora e ampliación da concienciación de todos os estratos da sociedade e da resposta das distintas administracións ante a Violencia Patriarcal e Misóxina, e o desenvolvemento, dentro da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da Vítima do Delito, da consideración de vítimas de violencia de xénero. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e avanzar no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención, en estreita colaboración co resto de Administracións.

Por estes motivos, os grupos municipais do Concello de Poio solicitan unanimemente do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

##### 1. Instar ao Concello de Poio a:

Instalar o 7 de novembro unha pancarta violeta co lema “CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS” na Casa Consistorial do Concello de Poio, e difundir e promover a convocatoria entre a cidadanía.

Soster os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art.19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema fiable de financiamento estatal, autonómico e local a longo prazo.

Asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, mediante a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.

Cooperar coa comunidade escolar para contribuír á promoción da igualdade e da erradicación da violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas.

##### 2. Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galiza a

Continuar incrementando os recursos económicos destinados á prevención e á asistencia social ás mulleres vítimas da violencia de xénero, e a seguir desenvolvendo políticas de prevención, sensibilización e protección ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero todos os días do ano.

Continuar co desenvolvemento e a aplicación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, co obxectivo da protección e a atención ás mulleres vítimas da violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.

Convocar a todos os grupos políticos, administracións, organizacións sociais, e outros axentes relevantes a un Pacto de Estado contra todas as formas de violencia de xénero para erradicar todas as formas de violencia contra as mulleres e as estruturas patriarcais que as facilitan.

3. Finalmente, instar á Xunta de Galiza continuar a desenvolver e mellorar a prestación dos servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e a aumentar os recursos destinados garantir que o servizo 016 de atención telefónica ás mulleres dea un servizo estará operativo, disporá de todos os medios posibles, e proporcionará un servizo da máxima calidade 24 horas do día, todos os días do ano.

4. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.”.

Os voceiros dos tres grupos políticos expoñen que se trata dun gran problema e que se deben implicar todas as administracións e grupos políticos.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou a moción presentada adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** 1. Instar ao Concello de Poio a:

Instalar o 7 de novembro unha pancarta violeta co lema “CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS” na Casa Consistorial do Concello de Poio, e difundir e promover a convocatoria entre a cidadanía.

Soster os recursos persoais, materiais e políticos para a igualdade e para a prevención e atención xurídica, social e psicolóxica ás vítimas de violencia machista, cumprindo o art.19 da Lei Orgánica 1/2004, establecendo un sistema fiable de financiamento estatal, autonómico e local a longo prazo.

Asegurar unha atención estable e de calidade, en condicións de ampla accesibilidade, confidencialidade, protección e anonimato, que inclúa a rehabilitación, avaliación e seguimento, mediante a xestión pública directa dos servizos para a igualdade e contra a violencia de xénero.

Cooperar coa comunidade escolar para contribuír á promoción da igualdade e da erradicación da violencia de xénero en todos os centros e en todas as etapas educativas.

**Segundo:** Instar ao Goberno de España e á Xunta de Galiza a:

- Continuar incrementando os recursos económicos destinados á prevención e á asistencia social ás mulleres vítimas da violencia de xénero, e a seguir desenvolvendo políticas de prevención, sensibilización e protección ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero todos os días do ano.

- Continuar co desenvolvemento e a aplicación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, co obxectivo da protección e a atención ás mulleres vítimas da violencia de xénero e aos seus fillos e fillas.

- Convocar a todos os grupos políticos, administracións, organizacións sociais, e outros axentes relevantes a un Pacto de Estado contra todas as formas de violencia de xénero para erradicar todas as formas de violencia contra as mulleres e as estruturas patriarcais que as facilitan.

- Instar á Xunta de Galiza continuar a desenvolver e mellorar a prestación dos servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e a aumentar os recursos destinados garantir que o servizo 016 de atención telefónica ás mulleres dea un servizo estará operativo, disporá de todos os medios posibles, e proporcionará un servizo da máxima calidade 24 horas do día, todos os días do ano.

**Terceiro:** Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.

MOCIÓNS URXENTES.- Preséntanse as seguintes:

4168.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A VERIFICACIÓN DO

CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, A DETERMINACIÓN E IMPOSICIÓN DE PENALIDADES E A ADOPCIÓN DAS MEDIDAS PERTINENTES.- Polo Voceiro do Grupo Municipal Popular preséntase para debate a moción na que se acorde a verificación do estado do cumprimento do contrato de lixo adxudicado á empresa Valoriza Servicios Medioambientales, SA xa que despois de recorrer ante os tribunais unha serie de cuestións da primeira empresa adxudicataria agora son eles os que non cumpren a oferta.

Agradecemos os informes facilitados pola Secretaria Xeral, Intervención e Técnica de Contratación pola contra aínda estamos esperando polo do Enxeñeiro.

O Sr.Barreiro Lubián di que se trata dun tema serio e que a moción é moi extensa para valorar nun primeiro momento e propón que se estude e se trate na vindeira sesión da Comisión de Facenda e Pleno.

A Sra. Besada Lores di que todos somos interesados houbo unha reunión do Enxeñeiro cos auditores e traerase ao vindeiro pleno os informes.

A Corporación por unanimidade acorda que pase a moción a estudo da comisión informativa de facenda.

4169.- URBANISMO, EXP. 109/15.- DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE RIOMOURO PEQUENO.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros de conformidade co establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Urbanismo informado pola Comisión Informativa de Urbanismo con data 27 de outubro de 2015 emitíndose o seguinte ditame: “Previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico que di textualmente:

“ASUNTO: URBANISMO. EXP- 109/15, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE POIO, PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE RIOMOURO PEQUENO – DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL, NA PARROQUIA DE SAN XOÁN, REDACTADO POR A. D. PLAN, ARQUITECTURA DISEÑO E PLANEAMENTO S.L.P. E ASINADO POLO ARQUITECTO ALFREDO DÍAZ GRANDE, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO.- Visto o expediente de urbanismo nº 109/15, de proxecto de modificación puntual do PXOM de Poio, promovido polo Concello de Poio, para a delimitación do núcleo rural de Riomouro Pequeno – documento para aprobación inicial, na parroquia de San Xoán, redactado por A.D. PLAN, Arquitectura Diseño y Planeamento S.L.P. e asinado polo arquitecto Alfredo Díaz Grande; e segundo o disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), informo o seguinte:

PRIMEIRO.- Con data 26 de marzo de 2015, presentouse no Concello o proxecto de modificación puntual do PXOM de Poio, para a delimitación do núcleo rural de Riomouro Pequeno – documento para aprobación inicial, na parroquia de San Xoán, redactado por A.D. Plan, Arquitectura Diseño y Planeamento S.L.P. e asinado polo arquitecto Alfredo Díaz Grande.

SEGUNDO.- Como trámite previo á aprobación inicial polo Concello de Poio, deben solicitarse os seguintes informes:

a) Informe de Augas de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, situado en rúa de San Salvador, 2 – 4ª planta Vigo, polo regueiro que discorre cruzando o núcleo, de conformidade coa Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia e o seu Regulamento.

b) Dirección General de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Avenida Fernández Ladreda, Pontevedra, polas construcións tradicionais existentes no núcleo, de conformidade coa Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio de Galicia

c) Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de conformidade coa Lei 9/2014, Xeral de Telecomunicacións, en Monte Gaiás, S/N, edificio Cinco, segunda planta. Cidade da Cultura de

Galicia. C.P. 15781. Santiago de Compostela, como trámite previo ao informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

d) Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, de conformidade coa Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Paisaxe de Galicia, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro s/n, C.P. 15.781. Santiago de Compostela.

e) Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro s/n, C.P. 15.781. Santiago de Compostela, de conformidade co disposto na Louga.

f) Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Edificio Administrativo, San Caetano, bloque 3, C.P. 15.781. Santiago de Compostela, de conformidade co disposto na Louga.

Por todo isto, informo que, previamente á aprobación inicial polo pleno do Concello, deben solicitarse os informes salientados, adxuntando copia do proxecto de modificación puntual e deste informe.”

E previa lectura do informe emitido polo Asesor Xurídico do Concello que di textualmente: “ASUNTO: URBANISMO. EXP- 109/15, PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE POIO, PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE RIOMOURO PEQUENO – DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL, NA PARROQUIA DE SAN XOÁN, REDACTADO POR A. D. PLAN, ARQUITECTURA DISEÑO E PLANEAMENTO S.L.P. E ASINADO POLO ARQUITECTO ALFREDO DÍAZ GRANDE, PROMOVIDO POLO CONCELLO DE POIO. AMPLIACIÓN DE INFORME.

Visto o expediente de urbanismo nº 109/15, de proxecto de modificación puntual do PXOM de Poio, promovido polo Concello de Poio, para a delimitación do núcleo rural de Riomouro Pequeño – documento para aprobación inicial, na parroquia de San Xoán, redactado por A.D. PLAN, Arquitectura Diseño y Planeamento S.L.P. e asinado polo arquitecto Alfredo Díaz Grande; e segundo o disposto no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro, a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL), informo o seguinte:

PRIMEIRO.- Con data 27 de xullo de 2015, esta asesoría emitiu informe proponendo que se solicitara varios informes sectoriais como trámite previo á aprobación inicial do proxecto de modificación puntual polo pleno.

SEGUNDO.- Con data 6 de xullo de 2015, ten entrada no Concello oficio de 30 de setembro de 2015, da Secretaría Xeral do Territorio e Urbanismo, no que indica que “ao respecto, compre sinalar que as modificacións do planeamento xeral tendentes á delimitación de solo de núcleo rural ao abeiro do establecido no artigo 13 da LOUGA, tramitaranse seguindo o procedemento establecido na Disposición Adicional Segunda da mesma Lei (artigo 93.4 da LOUGA, en redacción dada pola Lei 8/2012”.

Polo que, devólvese o expediente de modificación puntual ao Concello, para que, proceda á aprobación inicial da modificación puntual inicialmente, con arranxo a ditos preceptos legais.

TERCEIRO.- O artigo 93.4 in fine da Louga, na súa redacción dada pola Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, estendeu o procedemento de delimitación do solo dos núcleos rurais, previsto na Disposición Adicional Segunda, unicamente para os municipios sen planeamento, a todos os municipios incluído o do Concello de Poio, que ten planeamento aprobado, quedando redactado este apartado da seguinte forma:

“As modificacións de planeamento xeral tendentes á delimitación de solo de núcleo rural ao amparo do establecido no artigo 13 da presente Lei, tramitaranse seguindo o procedemento establecido na Disposición Adicional Segunda da mesma Lei”.

Por todo isto, INFORMO que, sen perxuízo dos informes sectoriais solicitados e que se vaian recibindo, pode o Concello, previo informe dos técnicos municipais e da Secretaría, previo dictame da Comisión de Urbanismo, adoptar o acordo de aprobación inicial do expediente de modificación puntual, e sometelo posteriormente ao trámite de información pública por prazo mínimo de 1 mes, que deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia, e á vista do

resultado da información pública, o pleno do Concello procederá a aprobación provisional do mesmo e remitilo á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para que resolva sobre a súa aprobación definitiva.”

E previa lectura do informe emitido pola Secretaria Xeral do Concello que dí textualmente: “  
Asunto: proxecto de delimitación do núcleo rural de Riomouro pequeno

Situación: Riomouro

Interesado: Concello de Poio

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade có establecido no artigo 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro e art. 85.1º da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), emito o seguinte

#### INFORME

Antecedentes de feito.

Proxecto de delimitación de solo de núcleo rural do núcleo de Riomouro pequeno

Consideracións xurídicas.

Primeira.- Alcalce do informe

Obra xa no expediente previo informe de secretaria emitido no curso do expediente que se te tramitado nun primeiro momento como modificación puntual do PXOM.

Tras o pronunciamento da administración autónómica debe encamínarse o desenvolvemento a través do disposto na Disposición adicional segunda da LOUGA:

“...El expediente será tramitado por el ayuntamiento con información pública por plazo mínimo de un mes, mediante anuncio que se habrá de publicar en el Diario Oficial de Galicia y en dos de los diarios de mayor difusión en la provincia. El expediente será aprobado provisionalmente por el órgano municipal competente para la aprobación del planeamiento general y remitido al secretario o secretaria general competente en materia de urbanismo para que resuelva sobre la aprobación definitiva en el plazo de tres meses, a contar a partir de la recepción del expediente completo en el registro de la consejería. Transcurrido este plazo sin resolución expresa, se entenderá aprobado por silencio administrativo. ...”.

Non se indica de forma específica a quen corresponde a toma en consideración inicial previa á realización do período de información pública.

A remisión a unha aprobación provisional polo pleno nu mecanismo similar ao establecido para o planeamento xeral pode dar lugar a interpretar que ese posicionamento previo corresponde ao Pleno (art. 22.2º.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local). Non obstante existirían igualmente argumentos para xustificar que con base ao mesmo artigo, a toma inicial en consideración sexa do alcalde ou da xunta de goberno local por delegación, e a provisional polo pleno.

Por razóns de seguridade xurídica pode escoxerse a primeira das opcións planteadas, en cuxo caso tamén parece o máis coherente que ao acordo sexa adoptado polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación (art. 37.2º.II LBRL).

Segunda.- Documentación.

O contido do expediente tal e como xa se expuso ten sido xa obxecto de previo informe de secretaria ao que me remito.”

Esta Comisión acorda:

.Primeiro: Informar favorablemente a aprobación inicial do proxecto e que se proceda á tramitación do expediente polo procedemento establecido na Disposición Adicional Segunda da LOUGA como indica a Secretaria Xeral no seu informe.

Segundo: Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).”.

O Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Prestar aprobación inicial do proxecto e que se proceda á tramitación do expediente polo procedemento establecido na Disposición Adicional Segunda da LOUGA como indica a Secretaria Xeral no seu informe.

**Segundo:** Someter o expediente a trámite de información pública polo prazo mínimo de 1 mes, mediante anuncio que deberá publicarse no Diario Oficial de Galicia e en dous dos diarios de maior difusión da provincia.

**Terceiro:** Comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (CMATI), en cumprimento do disposto no artigo 92.5 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Delegación concedida a ese Organismo pola Orde de 6 de marzo de 2003, (DOG de 12 de marzo de 2003, apartado 9º.1 c).”.

**Cuarto.-** Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN- Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e dúas horas e seis minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.